

Acta da Reunión da Xunta de Facultade celebrada o 18 de decembro de 2012

Asistentes:

Pita Grandal, Ana María
Allgue Agüete, Pilar
Rodríguez Domínguez, M^a del Mar
Valcárcel Fernández, Patricia
Martínez Yáñez, Nora
Muleiro Parada, Luis

Aneiros Pereira, Jaime
Arias Martínez, M^a Antonia
Bergareche Gros, Almudena
Bouso Cedrón, Pedro
Bruna Quintas, M^a Cristina
Cebeza Pereiro, Jaime
Domínguez Rubira, Carmen
Fernández Carballo-Calero, Pablo
Fernández Docampo, Belén
Ferrero Martínez, M^a Dolores
Fuenteseca Degeneffe, Margarita
García Mosquera, Marta
González Pillado, Esther
Grande Seara, Pablo
Ibéñez Paz, Regina
Mariño de Andrés, Ángel M.
Martínez Hens, Helena
Martínez Táboas, M^a Teresa
Montero Muñoz, María
Orge Míguez, José Carlos
Rodríguez Damián, Amparo
Rodríguez Rodríguez, Emma
Ruiz Hidalgo, Carmen
Trigo Gómez, Pilar
Vicente Remesal, Javier de

Barreiro Carril, M^a Cruz

Senra Francisco, Lorena del Carmen

Iglesias Prado, Elena
López Prieto, M^a Nieves
Rivas Suanzes, M^a Fernanda
Zas Varela, Mónica

Iníciase a reunión sendo as 12.15 h. coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (acta da reunión do 5 de novembro de 2012)
2. Informes da Decana
3. Aprobación, se procede, da Normativa Interna de Centro de desenvolvemento das prácticas Externas Curriculares para os estudos do Master de Acceso á Avogacía.
4. Aprobación, se procede, dos Proxectos Formativos marco para a realización de Practicas Externas Curriculares nos Graos do Centro e no Master de Acceso á Avogacía.
5. Aprobación, se procede, de modificacións nos horarios do centro debidos as recentes cambios nos POD dos Departamento.
6. Aprobación, se procede, dun sistema de titorías aos efectos das obrigacións previstas no VAD.
7. Aprobación, se procede, da proposta dos alumnos da celebración dun acto homenaxe aos avogados asasinados en Atocha. O representante dos alumnos de primeiro do Grao en Dereito solicita facer a defensa da proposta perante os membros da Xunta.

8. Aprobación, se procede, a instancia da Comisión Permanente da seguinte proposta: que a designación dos Premios Extraordinarios de Fin de Grao se faga por cada promoción de cada Grao, considerando que unha promoción abarca os catro cursos académicos consecutivos desde que un alumno/a ingresa na titulación.
9. Resolución de solicitudes de informes de avaliación de méritos docentes para a obtención de retribucións do profesorado universitario (quinquenios)
10. Rogos e preguntas

A Decana excusa a asistencia á Xunta das seguintes persoas: Dona Magdalena Barahona Martín, Don Rafael Fernández Acevedo; Dona Noemi García Gestoso; Dona Teresa Mourín Álvarez; Dona Elena Salgado André; Dona Lucía Núñez Martínez; D. Isaac Borja Araujo Figueroa

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (acta da reunión do 5 de novembro de 2012)

Sométese a aprobación a acta da reunión anterior. Apróbase por asentimento.

2. Informes da Decana

A) Informa sobre as obras en execución e as previstas:

- Está previsto que o 21 de decembro rematen as obras de ventilación das aulas no Bloque A.
- Xa rematou a obra de reforma de espazos destinados a baños e vestiarios de limpeza.
- Para a obra de entrada ao Centro a Unidade Técnica xa fixo o replanteamento eléctrico que estaba pendente. Actualmente está en fase de concurso.

B) Respecto da execución do presuposto:

- Adquiríronse dous sistemas de pantallas interactivas a modo de pizarra electrónica para o Salón de Actos e para a aula de Videoconferencia.
- Colocaranse dúas pantallas nos pasillos (unha á altura do bloque B e outra no bloque D) con fins informativos.

C) Publicouse no DOGA a autorización para a implantación do Máster de Acceso á Avogacía.

D) A Decana explica como se desenvolveu a asignación dos TFG e as prácticas externas entre o alumnado.

E) Executouse a totalidade do crédito destinado a libros. Este ano 13.999 euros aos

F) Veñen de comunicarnos o resultado da aplicación do Contrato programa para o Centro. En resumo hai unha partida que fixa o óptimo do Centro en: 62.820 euros. Chegamos a 56.587 euros o que quere dicir que estamos como 6000 euros por debaixo do noso óptimo. Pero hai que ter en conta que o Centro incrementou o seu anterior orzamento nun 4%. A Decana fai un resumo dos distintos conceptos nos que aínda podería mellorarse, hai que ver os estímulos que se poden implementar para conseguilo.

G) A Decana Presenta a Revista electrónica da Facultade.

3. Aprobación, se procede, da Normativa Interna de Centro de desenvolvemento das prácticas Externas Curriculares para os estudos do Master de Acceso á Avogacía

A proposta de normativa foi enviada aos membros da Xunta. Apróbase por asentimento consonte figuran no Anexo I desta acta.

4. Aprobación, se procede, dos Proxectos Formativos marco para a realización de Practicas Externas Curriculares nos Graos do Centro e no Master de Acceso á Avogacía

As propostas de proxectos formativos foron enviadas aos membros da Xunta. Apróbanse por asentimento consonte figuran no Anexo II desta acta.

5. Aprobación, se procede, de modificacións nos horarios do centro debidos a recentes cambios nos POD dos Departamentos

Toma a palabra a Vicedecana Nora Martínez Yáñez para explicar os cambios que veñen motivados polos cambios de POD:

A) 4º curso do Grao en RR.LL e RR.HH:

1.- cambio entre as materias Igualdade e Mercado de Traballo (IMT) e Traballo autónomo. IMT quedaría os luns de 15:30 a 17:30 h. Traballo autónomo quedaría os martes de 15:30 a 16:30 h.

2.- Cambio na materia Deseño de Plans de Igualdade, que deixa de impartirse os martes, e pasa a impartirse os mércores de 17.30 a 19.15 e os venres de 18.30 a 20.15. Como consecuencia deste cambio, adiántase nunha hora o horario da materia Traballo Autónomo e Prevención de Riscos Laborais dos martes, que pasa a impartirse de 18:00 a 19:00 e de 19:00 a 20:00, respectivamente.

B) 5º curso da Licenciatura en Dereito Económico, cambio entre Filosofía do Dereito e Dereito Eclesiástico do Estado.

-Filosofía do Dereito quedaría do seguinte xeito: Teoría: os luns de 9:00 a 11:00 h. (en lugar dos mércores de 10:00 a 12:00 h.). Prácticas: a práctica dos mércores de 12:00 a 14:00 pasa para os luns de 12:00 a 14:00 h.

Ao classes teóricas de Dereito Eclesiástico quedan os mércores de 10:00 a 12:00 h.

14:00 h.

Apróbanse os cambios por asentimento.

6. Aprobación, se procede, dun sistema de titorías a os efectos das obrigacións previstas no VAD

A mesa propón retirar este punto, pois estaba previsto celebrar previamente unha Comisión de Docencia que elevase a esta Xunta unha proposta e non deu tempo. De tódolos xeitos a Decana explica a razón de ser da necesidade de arbitrar, no seu caso, un sistema de control de titorías.

7. Aprobación, se procede, da proposta dos alumnos da celebración dun acto homenaxe aos avogados asesinados en Atocha. O representante dos alumnos de primeiro do Grao en Dereito solicita facer a defensa da proposta perante os membros da Xunta

A Decana cede a palabra ao alumno D. Miguel Diéguez para que explique a razón de ser da proposta. O alumno expón que pensan que se debe reivindicar a figura histórica destas cinco persoas asesinadas e que loitaron por traer a Democracia a este país. Explica que non se trata de facer unha homenaxe a súa figura política senón á súa figura como avogados que pelexaron pola Democracia. Ao acto, pola vinculación que tiñan os devanditos abogados, foi invitada CCOO, pero está aberto a todos aqueles que queiran participar que serán benvidos. Agradece ao Decanato o seu apoio e aos membros da Xunta a súa atención.

A Decana invita a os Membros da Xunta a que falen.

Pide a palabra a Profesora Marta García Mosquera quen quere apuntar un aspecto formal que non lle parece menor. Aínda que manifesta que a iniciativa lle parece boa, sí cree que se debería correxir a referencia a que o D. Miguel Diéguez é representante dos alumnos nesta Xunta, pois en realidade é Delegado da Asamblea dos alumnos de primeiro. Os estudantes teñen o seus dereitos representados nesta Xunta e cree que esta proposta deberían tráela a Xunta os representantes dos estudantes neste órgano.

Pide a palabra a profesora Almudena Bergareche quen indica que está dacordo coa primeira parte da intervención da profesora García Mosquera non coa segunda pois eso implicaría que non habería posibilidade de activar propostas máis que polos membros da Xunta. Alaba a proposta e expresa desde a súa posición o seu apoio á Proposta.

A Decana explica que tamén apoia o acto e que eso pasa, por exemplo, por suspender en parte o horario de mañá o día de celebración do acto: o 24 de xaneiro.

Pide a palabra o Profesor Jaime Cabeza, en condición de Catedrático de Dereito de Traballo, que tamén quere manifestar unha loubanza á proposta.

A Decana reitera o apoio do equipo á proposta e quere que conste en acta que non se trata dun acto político senón dunha homenaxe a uns traballadores profesionais de Dereito que loitaron pola Democracia.

Apróbase a proposta por asentimento.

8. Aprobación, se procede, a instancia da Comisión Permanente da seguinte proposta: que a designación dos Premios Extraordinarios de Fin de Grao se faga por cada promoción de cada Grao, considerando que unha promoción abarca os catro cursos académicos consecutivos desde que un alumno/a ingresa na titulación

A Decana explica a proposta que eleva a esta Xunta a Comisión Permanente.

Apróbase a proposta por asentimento.

9. Resolución de solicitudes de informes de avaliación de méritos docentes para a obtención de retribucións do profesorado universitario (quinquenios)

Pilar Allegue Aguite; María Antonia Arias Martínez; Pedro Bouso Cedrón; Belén Fernández Docampo; Pablo Fernández Carballo-Calero; Rafael André Fernández Cristina Bruna Quintas; Monserrat Cruz González; José Carlos Orgue Míguez; Consuelo Pazó Martínez; María del Carmen Quintero Sandomingo; Carmen Ruiz Hidalgo; Pilar Trigo Gómez; Javier de Vicente Remesal

10. Rogos e preguntas

Decana Roga que los profesores que han decidido ir a la comida Desexa feliz Nadal e feliz Aninovo.

Levántase a reunión sendo as 13.30 horas.

ANEXO I DA ACTA DA XUNTA E FACULTADE

NORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO DAS PRÁCTICAS EXTERNAS CURRICULARES PARA O ESTUDO DO MASTER DE ACCESO Á AVOGACÍA DA FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO

(Aprobada na Xunta de Facultade de 18 de decembro de 2012)

Artigo 1.- Ámbito de aplicación

A presente normativa ten por obxecto desenvolver o Regulamento de Prácticas académicas externas do Alumnado da Universidade de Vigo, aprobado por Consello de Goberno de 24 de maio de 2012, e adaptalo ás peculiaridades da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo. Esta norma regulará determinadas cuestións relacionadas coas materias “Prácticas Externas Básicas” e “Prácticas Externas” que se atopan no Plan de Estudos do master de Acceso á Avogacía da Universidade de Vigo.

Artigo 2.- Definición, natureza e características das prácticas externas curriculares

1. As prácticas académicas externas constitúen unha actividade de natureza formativa realizada polos estudantes universitarios e supervisada polas Universidades, cuxo obxectivo é permitir aos mesmos aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que lles preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empleabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendimento.

2. Poderán realizarse na propia Universidade -en servizos non destinados a actividade docente-, ou en entidades colaboradoras, tales como, empresas, institucións e entidades públicas e privadas no ámbito nacional e internacional.

Artigo 3.- Contido das Prácticas Externas Curriculares

As prácticas Externas axustaranse ao disposto no Proxecto Formativo incluído no Anexo do Convenio de Cooperación Educativa subscrito con cada unha das institucións que vaian ofrecer prazas para a realización das prácticas. O Proxecto Formativo especificará os obxectivos, competencias e actividades de cada unha das prácticas. En todo caso, a través do devandito Proxecto Formativo desenvolveranse as competencias de aprendizaxe previstas na Guía Docente da materia, sen que poidan incluírse outras.

Artigo 4.- Proxecto Formativo

1.- O Proxecto Formativo é o documento no que se concreta a realización de cada práctica e deberá fixar os obxectivos educativos e as actividades a desenvolver. Os obxectivos estableceranse considerando as competencias recollidas na guía docente da materia

2.- Haberá un Proxecto Formativo marco por cada Posgrao da Facultade, que se adaptará as características de cada entidade colaboradora e se adxuntará a cada Convenio particular.

Artigo 5.- Duración e horario das Prácticas do Máster de Acceso á Avogacía

1.- A materia de Prácticas Externas básicas terá unha duración de 150 horas e desenvolverase durante o segundo cuadrimestre do primeiro curso académico en horario de mañá.

2.- A materia Prácticas Externas terá unha duración de 600 horas e realizarase no primeiro cuadrimestre do segundo curso académico no horario equivalente a una xornada laboral.

3.- O/A alumno/a que realice máis horas de prácticas nunha institución ou entidade superando os créditos atribuídos ás materias "Prácticas Externas básicas" e "Prácticas Externas" poderán obter o recoñecemento das mesmas como prácticas externas extracurriculares.

Artigo 6.- Procedemento de asignación de institucións e despachos de avogados/as aos/ás alumnos/as matriculados/as no Máster de Acceso á Avogacía

1.- No mes de decembro de cada curso académico a CAM, á proposta do coordinador/a profesional do máster, fará pública a oferta de prácticas indicando:

- a) As prazas ofertadas por cada institución colaboradora, con indicación, do nome ou razón social da entidade colaboradora onde se realizarán as prácticas.
- b) Centro, localidade e dirección onde terán lugar.
- c) O tipo de tarefas que deberá asumir o alumno/a, proxecto formativo, actividades e competencias a desenvolver.
- d) As datas de comezo e fin das prácticas, así como a súa duración en horas, con indicación do número de horas diarias de dicación ou xornada e horario asignado.
- e) O titor académico e profesional asignado a cada praza.

2.- Dita oferta será obxecto de publicidade entre o alumnado a través dos taboleiros de anuncios e das páxinas web do Centro e dos Colexios de Avogados e de calquera outro medio que se estime oportuno.

3.- Abrirase un prazo non superior a 10 días para que cada alumno/a manifeste as súas preferencias por escrito ao coordinador/a das prácticas.

4.- Ao/Á coordinador/a da prácticas correspóndelle realizar unha proposta de asignación aos/ás alumnos/as das prazas de prácticas externas, tendo en conta:

- a) as súas preferencias.
- b) criterios obxetivos de mérito e capacidade resultantes do seu curriculum vitae.
- c) a adecuación das habilidades de cada alumno ás características propias da actividade profesional desenvolvida no despacho e na área de traballo das prazas ofertadas.

5.- Esta proposta será elevada á CAM, que aprobará e publicará unha resolución provisional de adxudicación das prácticas ofertadas. Os/as alumnos/as que non estean conformes con ela contarán cun prazo de 5 días hábiles para presentar as súas

reclamacións ante a CAM, que as resolverá no prazo máximo de 5 días hábiles, ditándose a resolución definitiva de asignación das prácticas.

Artigo 7.- Dereitos e deberes dos estudantes en prácticas

1. Durante a realización das prácticas académicas externas, os estudantes terán os seguintes dereitos:

- a) Á tutela, durante o período de duración da correspondente práctica, por un profesor/a da Universidade e por un profesional que preste servizos na empresa, institución ou entidade onde se realice a mesma.
- b) Á avaliación dacordo cos criterios establecidos pola Universidade.
- c) Á obtención dun informe por parte da entidade colaboradora onde realizou as prácticas, con mención expresa da actividade desenvolvida, a súa duración e, no seu caso, o seu rendemento.
- d) A percibir, nos casos en que así estivese estipulado, a aportación económica
- e) Á propiedade intelectual e industrial nos termos establecidos na lexislación reguladora da materia.
- f) A recibir, por parte da entidade colaboradora, información da normativa de seguridade e prevención de riscos laborais.
- g) A cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, previa comunicación con antelación suficiente á entidade colaboradora.
- h) A dispor dos recursos necesarios para o acceso dos estudantes con discapacidade á tutela, á información, á avaliación e ao propio desempeño das prácticas en igualdade de condicións.
- i) A conciliar, no caso dos estudantes con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou conectadas coa situación de discapacidade.
- j) Aqueles outros dereitos previstos na normativa vixente e/ou nos correspondentes Convenios de Cooperación Educativa subscritos pola Universidade e, no seu caso, a entidade xestora de prácticas vinculada á mesma, coa entidade colaboradora.

2. Así mesmo, durante a realización das prácticas académicas externas os estudantes deberán atender ao cumprimento dos seguintes deberes:

- a) Cumprir a normativa vixente relativa a prácticas externas establecida pola Universidade.

b) Coñecer e cumprir o Proxecto Formativo das prácticas seguindo as indicacións do titor asignado pola entidade colaboradora baixo a supervisión do titor académico da Universidade.

c) Manter contacto co titor/a académico/a da Universidade durante o desenvolvemento da práctica e comunicarlle calquera incidencia que poida xurdir no mesmo, así como facer entrega dos documentos e informes de seguimento intermedio e a memoria final que lle sexan requiridos.

d) Incorporarse á entidade colaboradora de que se trate na data acordada, cumprir o horario previsto no proxecto educativo e respectar as normas de funcionamento, seguridade e prevención de riscos laborais da mesma.

f) Desenvolver o Proxecto Formativo e cumprir con dilixencia as actividades acordadas coa entidade colaboradora conforme ás liñas establecidas no mesmo.

f) Elaboración da memoria final das prácticas, prevista nesta normativa e, no seu caso, do informe intermedio.

g) Gardar confidencialidade en relación coa información interna da entidade colaboradora e gardar segredo profesional sobre as súas actividades, durante a súa estancia e finalizada esta.

h) Mostrar, en todo momento, unha actitude respectuosa cara ao política da entidade colaboradora, salvagando o bo nome da Universidade de Vigo.

i) Calquera outro deber previsto na normativa vixente e/ou nos correspondentes Convenios de Cooperación Educativa subscritos pola Universidade e, no seu caso, a entidade xestora de prácticas vinculada á mesma, coa entidade colaboradora.

Artigo 8.- A Coordinación do programa de prácticas

1.- A coordinación dos programas de prácticas correspóndelle ao coordinador/a profesional do máster dacordo co previsto nos convenios de colaboración académica asinados entre a Universidade de Vigo e os Ilustres Colexios de Avogados de Vigo e Pontevedra.

2.- O coordinador/a será o/a encargado/a de elaborar a proposta de plan de prácticas e o seu cronograma, para sometelos á aprobación da CAM.

3.- Correspóndelle ao coordinador/a propor á CAM a designación dos titores profesionais.

Artigo 9.- O titor/a académico/a

1. A Proposta da CAM a Xunta de Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo designará ao comezo de cada curso un/unha ou varios/as titores/as académicos/as das prácticas externas.

2. Para poder ser titor/a académico/a das prácticas é preciso impartir docencia na titulación da que se trate e ter unha vinculación a tempo completo coa Universidade de Vigo.

3. O coordinador académico do master solicitará profesores voluntarios para titorizar as prácticas externas entre quen cumran estes requisitos. En caso de non presentarse voluntarios/as, ou non ser suficientes para cubrir a demanda, a CAM efectuará un sorteo entre os profesores/as que cumran os requisitos anteriormente mencionados.

4. O titor/a académico/a da Universidade terá os seguintes dereitos:

a) Ao recoñecemento efectivo da súa actividade académica nos termos que estableza a Universidade, de acordo coa súa normativa interna.

b) A ser informado acerca da normativa que regula as prácticas externas así como do Proxecto Formativo e das condicións baixo as que se desenvolve a estancia do estudante a titorizar.

c) Ter acceso á entidade para o cumprimento dos fins propios da súa función.

5. Asímesmo, terá os seguintes deberes:

a) Velar polo normal desenvolvemento do Proxecto Formativo, garantindo a compatibilidade do horario de realización das prácticas coas obrigas académicas, formativas e de representación e participación do estudante.

b) Facer un seguimento efectivo das prácticas coordinándose para iso co titor/a da entidade colaboradora e vistos, no seu caso, os informes de seguimento.

c) Autorizar as modificacións que se produzan no Proxecto Formativo.

d) Levar a cabo o proceso avaliador das prácticas do estudante tutelado de acordo co que se establece esta normativa.

e) Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza como consecuencia da súa actividade como titor/a.

f) Informar ao órgano responsable das prácticas externas na Universidade das posibles incidencias xurdidas.

g) Supervisar, e no seu caso solicitar, a adecuada disposición dos recursos de apoio necesarios para asegurar que os estudantes con discapacidade realicen as súas prácticas en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

h) Asímesmo, tamén debe velar polo íntegro cumprimento das labores e compromisos tanto do estudante como da empresa ou institución colaboradora.

Artigo 10.- O titor/a da institución colaboradora

1. De acordo co Real Decreto 1707/2011, de 18 de novembro, o alumno debe contar na institución colaboradora cun titor que supervisará e dirixirá o seu proceso de aprendizaxe.

2. Ao concluír as prácticas o titor/a da entidade colaboradora deberá remitir ao titor/a académico/a do alumno/a un Informe de Seguimento das Prácticas, axustándose ao modelo incorporado ao Anexo II desta normativa. Este informe debe ser confidencial, de modo que, na fase previa á cualificación, só poderán ter acceso ao mesmo o titor/a académico/a, evitándose en todo momento a súa entrega ao alumno. Este só poderá coñecer o seu contido unha vez que fose informado oficialmente da nota alcanzada na materia.

3. O titor/a da entidade colaboradora terá os seguintes dereitos:

- a) Ao recoñecemento da súa actividade colaboradora, por parte da Universidade, nos termos previstos no convenio de cooperación educativa.
- b) A ser informado/a acerca da normativa que regula as prácticas externas así como do Proxecto Formativo e das condicións do seu desenvolvemento.
- c) Ter acceso á Universidade para obter a información e o apoio necesarios par o cumprimento dos fins propios do seu función.
- d) Aqueles outros específicos que a Universidade poida establecer.

4. O titor/a da entidade colaboradora terá, asimismo os seguintes deberes:

- a) Acoller ao estudante e organizar a actividade a desenvolver con arranxo ao establecido no Proxecto Formativo.
- b) Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento da práctica cunha relación baseada no respecto mutuo e o compromiso coa aprendizaxe.
- c) Informar ao estudante da organización e funcionamento da entidade e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.
- d) Coordinar co titor/a académico/a da Universidade o desenvolvemento das actividades establecidas no convenio de cooperación educativa, incluíndo aquelas modificacións do plan formativo que poidan ser necesarias para o normal desenvolvemento da práctica, así como a comunicación e resolución de posibles incidencias que puidesen xurdir no desenvolvemento da mesma e o control de permisos para a realización de exames.
- e) Emitir os informes intermedio e final a que se refire esta normativa.

- f) Proporcionar a formación complementaria que precise o estudante para a realización das prácticas.
- g) Proporcionar ao estudante os medios materiais indispensables para o desenvolvemento da práctica.
- h) Facilitar e estimular a aportación de propostas de innovación, mellora e emprendimento por parte do estudante.
- i) Facilitar ao titor/a académico/a da Universidade o acceso á entidade para o cumprimento dos fins propios do seu función.
- j) Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do estudante como consecuencia da súa actividade como titor/a.
- k) Prestar axuda e asistencia ao estudante, durante a súa estancia na entidade, para a resolución daquelas cuestións de carácter profesional que poida necesitar no desempeño das actividades que realiza na mesma.

Artigo 11.- Avaliación das prácticas

1. A avaliación das prácticas será levada a cabo polo titor/a académico/a asignado ao alumno. Para poder ser avaliado positivamente é necesario:

- a) Non faltar inxustificadamente a máis dun 10% das horas que conforman a práctica.
- b) Que a cualificación global que figure no Informe de Seguimento emitido polo titor/a da entidade externa sexa igual ou superior a cinco puntos sobre dez.
- c) Entregar ao titor/a académico/a no prazo de quince días naturais a contar desde o día en que conclúen as prácticas, a Memoria de Prácticas Externas, axustándose ao modelo incorporado ao Anexo I da presente normativa.

2. O titor/a académico/a elaborará un Informe de Valoración Final no que determinará a cualificación final. Para iso terá en conta de forma prioritaria o Informe de Seguimento remitido polo titor/a da institución colaboradora e a Memoria presentada polo alumno/a, pero poderá valorar tamén o interese demostrado polo estudante, as tutorías académicas levadas a cabo en relación coa práctica, así como calquera outro factor do que se deduza un bo resultado na aprendizaxe.

3. En función de todos estes factores, se a cualificación obtida no Informe de Seguimento do titor/a da entidade colaboradora é igual ou superior a cinco, o titor/a académico/a poderá incrementar a cualificación do alumno até en dous puntos e medio, sen que a cualificación final poida superar os dez puntos. Pola contra, o titor/a non poderá rebaixar a nota asignada ao alumno/a no Informe de Seguimento emitido polo titor da institución colaboradora.

4. No caso de que o estudante non reúna algún dos tres requisitos enumerados nos apartados a), b) e c) deste precepto, recibirá a cualificación de “Suspenso”.

Anexo I

MODELO DE MEMORIA DAS PRÁCTICAS EXTERNAS

DATOS IDENTIFICATIVOS:

Datos persoais do alumno:

Entidade colaboradora onde realizou as prácticas e lugar de localización:

Nome do titor da institución de destino:

Nome do titor académico:

Datas de iniciación e finalización das prácticas:

Número de horas realizadas:

CONTIDO:

- Departamento no que se realizou a práctica

-Descrición concreta e detallada das tarefas, traballos desenvolvidos e departamentos da entidade aos que estivo asignado.

-Valoración das tarefas desenvolvidas cos coñecementos e competencias adquiridos en relación cos estudos universitarios.

-Relación dos problemas expostos e o procedemento seguido para a súa resolución.

-Identificación das achegas que, en materia de aprendizaxe, supuxeron as prácticas.

-Avaliación das prácticas e suxestións de mellora.

Anexo II

MODELO DE INFORME FINAL DO TITOR DA ENTIDADE EXTERNA

DATOS

IDENTIFICATIVOS:

Datos da institución de destino: Datos persoais do alumno:

Nome do titor da institución de destino:

Datas de iniciación e finalización das prácticas: Número de horas inicialmente planificadas:

Número de horas efectivamente realizadas polo alumno, especificando a cantidade de ausencias xustificadas e inxustificadas:

CONTIDO:

DO:

Enumeración de funcións e tarefas desenvolvidas polo alumno durante a prácticas

Avaliación do desempeño do alumno conforme ao seguinte esquema:

1: MAL; 2:REGULAR; 3: BEN; 4: MOI BEN; 5: EXCELENTE

MÁSTER EN AVOGACÍA

Competencias	1	2	3	4	5
1. Desenvolvemento de habilidades que permitan aplicar os coñecementos académicos adquiridos á realidade cambiante á que se enfrontan ós avogados.					
2. Coñecemento das técnicas dirixidas á averiguación e establecemento dos feitos nos distintos tipos de procedemento.					
3. Capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos.					
4. Habilidades de comunicación (oral e escrita).					


5. Capacidade de traballar en equipo.					
6. Comportarse de forma ética e profesional.					
7. Capacidade de síntese e análise.					
8. Capacidade de xestión da información.					
9. Capacidade de organizar e planificar.					
10. Sentido da responsabilidade					
11. Receptividade ás críticas					
12. Puntualidade					

Observacións:

Cualificación global (de 1 a 10)

NOTA FINAL (de 1 a 10)	
-------------------------------	--

ANEXO II DA ACTA DA XUNTA E FACULTADE



Facultade de
Ciencias Xurídicas
e do Traballo

Universidade de Vigo

PROYECTO FORMATIVO DEL MÓDULO DE PRÁCTICAS EXTERNAS DE LA TITULACIÓN DE MÁSTER EN ABOGACÍA POR LA UNIVERSIDAD DE VIGO

Contextualización de las materias

Las materias de *Prácticas Externas* del Máster en Abogacía son dos materias ("Prácticas Externas Básicas" -6 créditos ECTS- y "Prácticas Externas" -24 créditos ECTS-) que integran el Módulo de Prácticas Externas (30 créditos ECTS) cuyo objetivo fundamental es fomentar una formación integral del estudiante mediante la aplicación práctica de los conocimientos adquiridos al cursar el Posgrado. Así se facilita un contacto directo con la actividad profesional y la oportunidad de incorporarse al mundo profesional con un mínimo de experiencia. Todas las prácticas están diseñadas para que los estudiantes que participan en ellas adquieran una experiencia profesional en situaciones y condiciones reales, aplicando los conocimientos, competencias y actitudes que se adquieren en los procesos de formación a lo largo de la titulación. Las prácticas representan una oportunidad decisiva para el desarrollo personal y el futuro profesional de los estudiantes.

Las prácticas son actividades que realiza el estudiante en Despachos de Abogados, instituciones, empresas y organizaciones; esto es, en centros fuera de las dependencias universitarias, que tienen como objetivo enriquecer y complementar su formación universitaria, al tiempo que le proporciona un conocimiento más profundo acerca de las competencias que necesitará una vez se haya posgraduado.

1. Competencias de la materia Prácticas Externas

1.1. Competencias básicas y generales:

- Que los estudiantes sepan aplicar los conocimientos adquiridos y su capacidad de resolución de problemas en entornos nuevos o poco conocidos dentro de contextos más amplios (o multidisciplinares) relacionados con su área de estudio
- Que los estudiantes sean capaces de integrar conocimientos y enfrentarse a la complejidad de formular juicios a partir de una información que, siendo incompleta o limitada, incluya reflexiones sobre las responsabilidades sociales y éticas vinculadas a la aplicación de sus conocimientos y juicios.
- Que los estudiantes sepan comunicar sus conclusiones –y los conocimientos y razones últimas que las sustentan– a públicos especializados y no especializados de un modo claro y sin ambigüedades.
- Que los estudiantes posean las habilidades de aprendizaje que les permitan continuar estudiando de un modo que habrá de ser en gran medida autodirigido o autónomo.
- Capacidad de trabajar en equipo y coordinar grupos de trabajo.
- Comportarse de forma ética y responsabilidad social como ciudadano y como profesional.

1.2.- Competencias específicas:

- Poseer, comprender y desarrollar habilidades que posibiliten aplicar los conocimientos académicos especializados adquiridos en el grado a la realidad cambiante a la que se enfrentan los abogados para evitar situaciones de lesión, riesgo o conflicto en relación a los intereses encomendados o su ejercicio profesional ante tribunales o autoridades públicas y en las funciones de asesoramiento.
- Conocer las técnicas dirigidas a la averiguación y establecimiento de los hechos en los distintos tipos de procedimiento, especialmente la producción de documentos, los interrogatorios y las pruebas periciales.
- Conocer y ser capaz de integrar la defensa de los derechos de los clientes en el marco de los sistemas de tutela jurisdiccionales nacionales e internacionales.
Conocer y saber aplicar los derechos y deberes deontológicos profesionales en las relaciones del abogado con el cliente, las otras partes, el tribunal o autoridad pública y entre abogados.

1.3. Competencias transversales:

- Capacidad de síntesis y análisis.
- Capacidad de gestión de la información.
- Capacidad de organizar y planificar.

2. Objetivos de la materia *Prácticas Externas*

- Fomentar la formación integral del estudiante.
- Desarrollar la habilidad para aplicar los conocimientos adquiridos en la titulación al ámbito profesional.
- Reflexionar sobre su proceso formativo y su repercusión en su desarrollo profesional.
- Relacionar teoría y práctica con la realidad profesional.
- Orientarse hacia el aprendizaje autónomo y el trabajo en equipo a niveles profesionales.
- Aplicar el marco legal que afecta al perfil profesional.
- Entender la estructura y el funcionamiento profesionales y colegiales.

3. Contenidos de la materia *Prácticas Externas*

